

**FARIA, JOSÉ EDUARDO, *El derecho en la economía globalizada* [1999].  
Madrid, Trotta, 2001, traducción de Carlos Lema Añón, 283 páxs.**

**Celia Pereira Porto**

Como indica o seu título, nesta obra José Eduardo Faria –profesor do Departamento de Filosofía e Teoría Xeral do Dereito da Universidade de São Paulo– enfréntase ao complexo fenómeno da globalización coa pretensión de examinar o seu impacto no ámbito do dereito. O punto de partida do traballo constitúe a relativización de principios e categorías como *soberanía, legalidade, xerarquía normativa, dereitos subxectivos e cidadanía*, como consecuencia dos cambios económicos, sociais e políticos acaecidos na fase actual do proceso de globalización. Nun contexto de veloz transnacionalización dos mercados (de materias primas, produción, capitais, finanzas e consumo) -que, entre outras cousas, provoca a descentralización e a fragmentación do poder, a redefinición do tamaño e as propias funcións do Estado, e abre paso a novas formas de acción política, novos modelos de legalidade e novos patróns de lexitimidade- e de ampliación da diferenciación funcional dos sistemas económico e social, o pensamento xurídico atópase co desafío de atopar alternativas ante o esgotamento paradigmático dos seus principais modelos teóricos e analíticos, ante a intensidade do impacto que estas transformacións producen nos seus esquemas conceptuais, nos seus presupostos epistemolóxicos, nos seus métodos e nos seus procedementos. Na presente etapa o pensamento xurídico debe enfrentarse a un escenario interdependente con actores, lóxicas, dinámicas e procedementos que se entrecruzan e superan as fronteiras tradicionais, a unha fase de cambios xurídicos e institucionais necesarios para asegurar o funcionamento efectivo dunha economía globalizada.

Nesa orde socioeconómica multifacética e policéntrica, o dereito positivo enfréntase a novas dificultades para regular mediante normas vinculantes os distintos ámbitos da vida socioeconómica. Estes cambios contribúen á erosión do monismo xurídico, un dos principios básicos construídos e consolidados ao redor do Estado-nación, e abren paso a unha situación de efectivo pluralismo normativo, é dicir, de coexistencia de distintos ordenamentos xurídicos autónomos nun mesmo espazo xeopolítico, que se interpenetran constantemente, e que sitúan ao pensamento xurídico ante novos problemas difíciles de integrar nos conceptos, premisas e categorías convencionais.

Un dos principios político-xurídicos máis cuestionados na etapa actual do proceso de globalización é o da soberanía do Estado-nación, condición epistemolóxica necesaria, aínda que non suficiente, da teoría xurídica moderna, pero, en xeral, todo o engraxe institucional construído en torno ao Estado-nación e o pensamento xurídico elaborado a partir dos principios de soberanía, de autonomía do político, da separación de poderes, do monismo xurídico, dos dereitos individuais, das garantías fundamentais, do control da legalidade e constitucionalidade e da cousa xulgada, teñen sido crecentemente cuestionados pola diversidade, heteroxeneidade e complexidade do proceso de

transnacionalización dos mercados. Neste novo contexto socioeconómico os Estados atópanse materialmente limitados na súa autoridade decisoria, é dicir, prodúcese unha ruptura entre a soberanía formal do Estado, que continúa exercendo a súa autoridade nos límites do seu territorio, e a súa autonomía de decisión sustantiva, xa que moitos deles non consiguen establecer e realizar os seus obxectivos en diversas materias exclusivamente por sí e para si mesmos. A situación complicase, ademais, porque o Estado-nación, pese á perda de autonomía de decisión sustantiva, continúa sendo, sen embargo, o referente central de lexitimación normativa ao cal se dirixen as demandas da poboación. Ante esta situación, na que ademais as formas universalistas de agregación de intereses típicas da democracia son colonizadas e vaciadas de contido por prácticas e acordos de carácter neocorporativo, non é de extrañar que as discusións sobre o sentido, o alcance e o espazo da democracia representativa sexan recurrentes no ámbito da economía globalizada. En definitiva, na etapa actual do proceso de globalización as estruturas institucionais, organizativas, políticas e xurídicas forxadas dende os séculos XVII e XVIII tenden a perder a súa centralidade e exclusividade, e isto convértese nun problema que cómpre analizar e comprender.

A medida en que os axentes económicos comezan a converterse en efectivos centros de poder o sistema político deixa de ser o lugar natural de organización da sociedade por ela mesma, e a orde soberanamente producida pasa a ser cada vez máis unha orde recibida dos axentes económicos. Trátase dunha orde cada vez máis autoorganizada e autorregulada, tendente a trascender os límites e controis impostos polo Estado, a facer vulnerables as estruturas administrativas, políticas e xurídicas do Estado-nación, que pasan a exercer novos roles e novas funcións –de coordinación, de adecuación de intereses e de axustes pragmáticos–.

José Eduardo Faria mantén a tese de que o dereito e o pensamento xurídico se atopan próximos a un esgotamento paradigmático, xa que o fenómeno da globalización está vaciando e facendo problemáticos a un ritmo veloz moitos dos conceptos e categorías fundamentais ata agora imperantes na teoría xurídica. E, ao mesmo tempo, os seus códigos interpretativos, os seus modelos analíticos e os seus esquemas cognitivos revélanse cada vez máis carentes de operatividade e funcionalidade. A dogmática xurídica –xurdida coa expansión do capitalismo concurrencial– está sendo cuestionada polo complexo fenómeno da globalización económica, e amósase cada vez máis incapaz de interpretar, cos seus propios termos, feitos inéditos, así como de reescribir, coa súa propia linguaxe, teorías de natureza “crítica”. Isto explica o rexurdir do interese polas cuestións epistemolóxicas no ámbito xurídico e polas discusións sobre a cientificidade do dereito, o que nos sitúa nun momento de revolución paradigmática. A idea de “esgotamento paradigmático” constitúese no marco referencial que permite recoñecer e xustificar a necesidade de novas concepcións do fenómeno xurídico no ámbito dun contexto socioeconómico mundial cuíñas transformacións estruturais plantexan máis dúbidas e inquedanzas que certezas.

O campo temático do libro que comentamos aparece delimitado pola perda da autonomía de decisión dos gobernos, a unificación dos mercados nun único sistema económico de extensión mundial, a superación das barreiras xeográficas, a merma das prácticas políticas democráticas convencionais, a aparición de novas ordes normativas ao carón da tradicionalmente rexida polo dereito positivo e o esgotamento paradigmático do elenco de categorías, conceptos, procedementos e teorías construído en torno ao Estado-nación e o principio de soberanía. Neste contexto o propósito do traballo é identificar o perfil das institucións xurídicas xurdidas co fenómeno da globalización, os problemas que este plantexa á reflexión xurídica e os modelos analíticos máis axeitados para examinalos, partindo da concepción do “dereito” como un sistema diferenciado de normas, institucións e valores, e privilexiando o seu papel como instrumento de organización social.

Despois dun primeiro capítulo de carácter introductorio onde o autor expón como acabamos de ver- a tese principal da obra, o seu campo temático e o seu propósito, o segundo capítulo do libro dedícase a apuntar brevemente as orixes históricas da globalización e detense nas manifestacións contemporáneas do proceso de transnacionalización dos mercados de materias primas, produción, consumo, finanzas e capitais. O concepto de *globalización* non é unívoco, pero este autor defíneo como a “integración sistémica da economía a nivel supranacional, xurdida da crecente diferenciación estrutural e funcional dos sistemas productivos e da conseguinte ampliación das redes empresariais, comerciais e financeiras a escala mundial, que actúa de modo cada vez máis independente dos controis políticos e xurídicos a nivel nacional” (p. 43). Tampouco se trata dun concepto orixinal. O que parece ser realmente novo é “a súa aplicación a un proceso inédito de superación das restricións de espazo pola minimización das limitacións de tempo, gracias ao vertixinoso aumento da capacidade de tratamento instantáneo dun xigantesco volume de información; a un complexo fenómeno de interaccións transnacionais, onde a empresa privada progresivamente sustitúe ao Estado como actor principal, creando algo cualitativamente diferenciado de case todo o que se coñecía ata agora en materia de ordenación socioeconómica e de regulación político-xurídica; e á avasalladora e inconstante dimensión alcanzada polos movementos transnacionais de capital, especialmente o financeiro” (pp. 50-51). Este proceso é froito das transformacións políticas, económicas e tecnolóxicas acaecidas nas últimas tres décadas do século XX, desencadenadas por diversos factores converxentes dos que José Eduardo Faria destaca dous: a crise do patrón monetario mundial, xurdida con fin do patrón ouro decidido unilateralmente polo goberno norteamericano, e as crises do petróleo de 1973/1974 e 1978/1979. Estes dous factores acabaron por levar ao esgotamento do potencial de expansión do modelo financeiro, productivo, industrial e comercial ata entón vixente, e esixiron respostas extremadamente rápidas e eficaces. Unha destas respostas tradúxose nun proceso de liberalización xurídica e desbloqueo burocrático. Estes cambios provocaron unha ampla reestructuración do sistema financeiro internacional, conducindo a un capitalismo crecentemente protagonizado por xerentes anónimos con amplo poderes decisorios e operativos sobre unha enorme gama de recursos.

Outra das respostas ante a crise do patrón monetario internacional e as crises do petróleo concreouse no énfase na racionalización das estruturas organizativas, dos procedementos decisorios e das actividades productivas, gracias, en gran medida, á redución do coste dos transportes e das comunicacións provocada polas transformacións tecnolóxicas. Este proceso de racionalización organizativa, decisoria e operativa fixo xurdir problemas xurídicos cada vez máis complexos, e conlevou a substitución gradual da empresa multinacional pola *compañía global* ou pola *corporación transnacional*, con estruturas decisorias máis lixeiras e áxiles cá empresa multinacional. Todos estes cambios remataron por producir, nun curto período de tempo, a maximización do nivel de execución de tódalas formas sociais de traballo e produción.

Pero a resposta máis importante ante esas crises xurdiu a partir da progresiva conversión das ciencias exactas, biomédicas e humanas en técnicas productivas. A *sociedade da información* consolidouse a partir da emerxencia dun novo tipo de organización social da produción –a industria baseada na ciencia- e da conseguinte obsolescencia do paradigma técnico-industrial fundado nos conceptos tayloristas de dirección e nos métodos fordistas de traballo forxados na primeira metade do século XX. O papel privilexiado exercido pola información especializada no paradigma tecnolóxico-industrial emerxente tende a levar á forza de traballo a perder progresivamente a súa posición dominante no proceso productivo. José Eduardo Faria denomina a este novo paradigma como da “especialización flexible” ou “posfordista”. A conversión da ciencia e da tecnoloxía en factores básicos de produción, competitividade e innovación continua constitúese no principal resorte propulsor do fenómeno da globalización, e pro-

vocou o desprazamento progresivo do eixe da competición do comercio internacional do control das materias primas estratéxicas ao control das tecnoloxías de procesos, o que relativizou as vantaxes comparativas dos países en vías de desenvolvemento que contaban con amplas reservas enerxéticas e grandes extensións territoriais.

Este cambio radical nas formas de actuación do sistema financeiro internacional e das corporacións transnacionais fai viable a articulación das súas decisións de inversión, produción e comercialización a escala global con esixencias impostas ás economías nacionais e aos seus respectivos Estados. Por iso é un dos factores máis decisivos do declive das institucións e mecanismos de “sentido común” xurídico do Estado-nación, así como para a consolidación das estruturas e procedementos xurídicos xurdidos no ámbito dunha economía globalizada. Economía globalizada que abre paso á formación dunha intrincada rede de acordos formais e informais de enorme flexibilidade en materia de coordinación horizontal a nivel mundial, poñendo en cuestión a efectividade e a autonomía das regulacións xurídicas nacionais que intentan disciplinar de forma directa e homoxénea, mediante normas xerais e abstractas, o comportamento dos axentes económicos.

O terceiro capítulo da obra aborda as transformacións operadas no dereito como consecuencia da implantación da sociedade da información, e da emerxencia do paradigma da especialización flexible e dun poder de feito contraposto á soberanía formal dos Estados-nación. O Estado intervencionista da posguerra tiña como obxectivo básico o de formular, establecer e executar políticas macroeconómicas para a expansión capitalista. Sen embargo, o Estado intervencionista volveuse progresivamente incapaz de dirixir racionalmente o funcionamento global do sistema económico. A súa produción lexislativa remata por conducir á ruptura da organicidade, da unidade lóxica e da racionalidade sistémica do ordenamento xurídico, traducíndose na perda da propia capacidade de predeterminación das decisións concretas por medio do dereito positivo. Un proceso que se coñece co nome de “ingobernabilidade sistémica” ou “crise de gobernabilidade”. Esta ingobernabilidade sistémica do Estado intervencionista maniféstase na crecente inefectividade das institucións xurídicas que se reflicte na crecente ruptura da unidade lóxico-formal e da racionalidade sistémica dos ordenamentos xurídicos constituídos basicamente en forma de códigos, e na proliferación de “leis especiais” promulgadas en resposta a continxencias e problemas xurdidos coa eclosión da crise de gobernabilidade.

As transformacións sociais, políticas, económicas e culturais acaecidas nas últimas décadas do século XX esixen unha nova reflexión sobre os problemas centrais da Teoría Xeral do Dereito. A tradicional concepción do dereito como un sistema basicamente cerrado, unitario, xerarquizado, axiomatizado, completo, e sen lagunas ou antinomias, foi sendo progresivamente substituída pola dun dereito organizado en forma de “rede”, dado o crecente número de microsistemas e cadeas normativas coas súas interrelacións basilares intentando capturar toda a complexidade da realidade socioeconómica. A “inflación xurídica” contribúe á desvalorización progresiva do dereito positivo, ao impedirle exercer as súas funcións reguladoras básicas por medio das súas normas, leis e códigos. Ante estas disfuncións a dogmática xurídica atopa dificultades para seguir exercendo os seus cometidos básicos de controlar a consistencia do dereito lexislado e de forxar modelos teóricos para encadrar a produción normativa.

Na última década do século XX as manifestacións xurídicas da ingobernabilidade sistémica do Estado intervencionista foron invocadas para fundamentar a adopción de ambiciosos proxectos de flexibilización, desformalización, desburocratización, desregulación, deslegalización e desconstitucionalización formulados como condición necesaria, pero non suficiente, para a execución dos programas de privatización dos monopolios públicos en áreas ata entón consideradas estratéxicas dende o punto de vista

da soberanía nacional. Estes proxectos foron así mesmo posibilitados e executados por medio dunha abundante e complexa produción normativa.

Coa extensión do fenómeno da globalización o dereito positivo estatal tende a disciplinar non tanto os comportamentos canto os procedementos. A racionalidade xurídica inherente ao fenómeno da globalización económica baséase na consciencia dos novos suxeitos políticos e dos axentes económicos de que as formas de relacións sociais condicionadas polas interconexións entre as institucións financeiras internacionais e as corporacións empresariais transnacionais esixen do Estado-nación diferentes papeis de intermediación que só poden ser efectivamente exercidos coa colaboración deles e sen o seu poder de veto. Desta racionalidade resultarán institucións xurídicas esencialmente descentralizadas, procedimentais e “facilitadoras”, limitándose a neutralizar as eventuais disfuncións do mercado e orientadas á coordinación dos particularismos xurídicos, dos microsistemas normativos con ritmos propios de desenvolvemento e das diferentes formas de legalidade desenvolvidas no interior das innumerables cadeas productivas que constitúen a economía globalizada.

O capítulo 4 comeza por abordar o pluralismo xurídico existente na economía globalizada. O dereito na economía globalizada caracterízase por ser un proceso simultáneo de: internacionalización de ramas significativas do dereito nacional estatal, intersección de formas legais transnacionais, e explosión de normas paraestatais, “privadas” ou oficiosas no plano infranacional. Por iso os conceptos e as categorías do Dereito Internacional se volven bastante útiles para a identificación e a análise das institucións xurídicas xurdidas coa globalización económica. Nesta situación o dereito positivo do Estado-nación xa non está en condicións de organizarse case exclusivamente en forma de actos unilaterais que transmiten de modo “imperativo” as directrices e os mandatos do lexislador. Ademais, xunto ao Dereito *oficial* dos códigos, leis, convencións, acordos e tratados internacionais, existen outras formas de control xeneradas por distintos poderes, estruturalmente autónomas, aínda que interrelacionadas, con valores, lóxicas, ritmos e procedementos propios. J. E. Faria recolle a análise de Boaventura de Sousa Santos<sup>1</sup> acerca dos seis principais modos de poder existentes na vida social: o da produción, o do mercado, o comunitario, o da cidadanía, o da mundialidade e o doméstico. A forma xurídica do espazo da mundialidade ven dada polas relacións entre o Dereito Internacional e a *Lex Mercatoria*, é dicir, o corpo da comunidade empresarial para autodisciplinar as súas actividades sen interferencias dos Estados-nación. Trátase dun dereito “sistémico” (da economía-mundo ou do sistema-mundo) formado tanto polas convencións e tratados internacionais canto, principalmente, polas redes de acordos informais establecidos por institucións financeiras e empresas transnacionais<sup>2</sup>.

---

1 *Toward a New Common Sense. Law, Science and Politics in the Paradigmatic Transition*. New York, Routledge, 1995, pp. 416 ss.

2 Un exemplo deste tipo de dereito xurdido co actual proceso de globalización económica constitúe o chamado “Global Compact” ou “Pacto Global”. Este pacto foi proposto polo Secretario Xeral de Nacións Unidas, Kofi Annan, no Foro Económico Mundial de Davos, o 31 de xaneiro de 1999, aos líderes económicos mundiais, coa finalidade de que contribúan a construír as bases sociais e medioambientais requiridas para sustentar a nova economía global e facer que a globalización inclúa a tódalas persoas do mundo. Kofi Annan demandou dos líderes económicos mundiais que se adherisen ao Pacto Global e que o aplicasen tanto nas súas prácticas corporativas individuais como apoiando as políticas públicas apropiadas para esa finalidade. Trátase dunha plataforma que pretende utilizar o poder da transparencia e o diálogo para identificar e diseminar unha serie de boas prácticas basadas en principios universais. Eses principios son nove, están extraídos da Declaración Universal de Dereitos Humanos, dos Principios Fundamentais da OIT sobre os dereitos laborais e dos Principios de Rio sobre medioambiente e desenvolvemento, e teñen que ver coas materias de dereitos humanos, traballo e medioambiente.

José Eduardo Faria define o contexto da economía globalizada como unha “sociedade de organizacións”, é dicir, máis como unha “constelación de gobernos privados” que propiamente como unha “asociación de individuos articulada por un goberno público” (p. 143). O poder destas organizacións provén, entre outras cousas, da parcela de mercado que controla efectivamente cada unha delas, convertindo a sociedade contemporánea nunha pluralidade conflictiva de múltiples grupos, organismos e colectividade cos seus intereses específicos, os seus propios “xogos” de linguaxe e os seus cálculos racionais de acción. Esta situación fai que, actualmente, o Estado xa non consiga promover a coordinación macroeconómica sen o consentimento e a colaboración das “organizacións complexas”, polo que a formulación, o establecemento e a execución das súas políticas acaban esixindo invariablemente unha delicada negociación para superar as eventuais resistencias dos conglomerados empresariais. Éste é o momento no que o Estado asume rasgos eminentemente neoliberais, pasando a ter unha dimensión organizativa máis reducida e a ser pautado e condicionado polo mercado e polos seus actores dominantes.

No contexto da globalización xa non cabe falar dun dereito ou dunha legalidade, senón de *interdereitos* e *interlegalidades*<sup>3</sup>. Esta situación esixe instrumentos analíticos máis complexos cós propiciados polo paradigma da dogmática xurídica. Éste é o caso do modelo do “dereito reflexivo” e do “corporativismo social”, xa que ofrece unha sofisticada elaboración doutrinal para o exame da substitución da regulación estatal da economía por un control endógeno, atribuíndo ás normas do dereito positivo do Estado-nación e ás regras emanadas das entidades rexionais e dos organismos multilaterais o papel de preservar e artellar as racionalidades e os procesos normativos autónomos das “organizacións complexas”.

Para tratar de responder á cuestión de cómo é posible integrar sistemas normativos altamente diferenciados xurdiu, no ámbito da Socioloxía do Dereito europea, o modelo do “dereito reflexivo”, para referirse a un ordenamento xurídico formado basicamente por aquelas regras cuia atención se dirixe á integración de sociedades complexas, tratando case exclusivamente dos conflitos límite, é dicir, aqueles conflitos que poden levalas a unha ruptura da súa matriz organizativa. En canto aos demais conflitos, en principio, poderán ser dirimidos de común acordo polas partes implicadas. A sociedade contemporánea é contemplada prioritariamente dende unha perspectiva sistémico-funcionalista, é dicir, como un gran sistema social integrado por subsistemas ou sistemas parciais funcionalmente diferenciados. Na medida en que o nivel de complexidade que xenera a diferenciación funcional tende a ser cada vez máis alto, ningún sistema particular dispón das condicións para aspirar á dirección efectiva da sociedade. Para alonxar calquera posibilidade de disfunción, “hiperxuridificación” e desequilibrio social, o sistema xurídico non ten máis alternativa que aceptar a autonomía como un dato, renunciando á aspiración de disciplinar directamente os comportamentos sociais e os aspectos internos e específicos de cada sistema, contentándose con coordinar a súa propia normatividade. Trátase de desenvolver un engranaxe normativo axeitado a este escenario de fragmentación do poder e de policentrismo. O obxecto principal do dereito reflexivo é a propia autonomía dos sistemas. A súa función é facer viable a “autonomía regulada” deses sistemas, coa finalidade de que podan maximizar a súa racionalidade interna mediante os axeitados procedementos de formación do consenso e de toma de decisións colectiva. O dereito reflexivo, formado por normas de organización, de distribución de competencias directivas e de carácter procedimental e procesual,

---

<sup>3</sup> José Eduardo Faria adopta a terminoloxía manexada por Boaventura de Sousa Santos (“Law: a map of misreading”, en *Journal of Law and Society*, 14/3 (1987), pp. 286-290).

pode preservar os procesos de autorregulación en cada área específica das sociedades complexas e asegurar a integración dos seus sistemas parciais diferenciados. Unha vez que o Estado non está en condicións de impoñer solucións homoxeneizadoras e universais a problemas complexos, o seu papel é promover entre os diferentes sistemas unha (auto)reflexión sobre os efectos sociais tanto das propias decisións como da súa actuación sobre os intereses específicos potencialmente xeneralizables, inducendo aos diferentes sistemas a non superar as situacións límite, aquelas nas que todos indistintamente sairían perdendo. No caso do dereito reflexivo os programas normativos “condicionais” e “finalísticos” son substituídos por programas “relacionais” (Willke) dirixidos a estimular interaccións ou relacións converxentes entre as “organizacións complexas”, a estender entre elas un sentido de responsabilidade social e atendendo só á estrutura- ción organizativa dos procesos socioeconómicos autónomos.

Un dos aspectos fundamentais do modelo do “dereito reflexivo” é a dispersión dos seus “programas normativos relacionais” en varios niveis de formulación, decisión, establecemento e execución, así como entre diferentes actores públicos e privados. Co termo “neocorporativismo” exprésase a diversidade e heteroxeneidade de focos de intereses e de fontes de presión existentes nas sociedades complexas.

J. E. Faria apunta que, en termos técnico-xurídicos, o próximo paso debería ser a profundización do modelo teórico do dereito reflexivo, mentres que, dende a perspectiva xurídico-sociolóxica, o que importa é verificar as posibilidades de consolidación desas complexas e multifacéticas institucións xurídicas, así como avaliar as súas condicións de efectividade no ámbito da economía globalizada.

O capítulo 5 trata das consecuencias políticas e sociais da transnacionalización dos mercados e dalgúñas das súas implicacións xurídicas. Os teóricos do “dereito reflexivo” elaboran tamén un modelo de democracia, a *democracia organizacional*, que se presenta como unha alternativa ao tradicional modelo de democracia representativa relativizado na globalización. A democracia organizacional ten o seu eixe central no espacio da produción e o seu principio constitutivo está asentado no pragmatismo das institucións financeiras e das corporacións empresariais, que dependen do “equilibrio ecolóxico” do sistema económico para poder continuar actuando sen obstáculos nin incidentes. Da dinámica deste proceso acaba emerxendo unha “consciencia global” con relación ás situacións e conflitos límite –elemento clave da democracia organizacional e factor decisivo para a efectividade das institucións xurídicas da globalización-. O problema do modelo de “democracia organizacional”, sinala o autor, é que os teóricos que o elaboran parecen intentar converter en relacións de feito o que son meras suposicións, expresións de valor e desexos, confundindo interpretación analítica con prescripción normativa. Ademais, engade Faria, esta concepción da “democracia” e o propio modelo de “dereito reflexivo” son tamén problemáticos na medida en que enfatizan demasiado unha “integración descentralizada” no ámbito dunha “economía-mundo” altamente marcada pola estratificación e a desigualdade. As sucesivas ondas de transformacións tecnolóxicas ao desprazar o eixe da competición internacional dende o control das materias primas estratéxicas, da abundancia de recursos naturais e do tamaño xeográfico ata o control dos novos procesos de información, xestión e produción, alteran profundamente a división do traballo a escala mundial. Estas alteracións provocan unha serie de cambios que poden resumirse na transferencia das fases productivas que implican traballo intensivo, baixos niveis salariais e degradación ambiental dos países centrais ou desenvolvidos aos países periféricos ou en desenvolvemento. Dende o punto de vista das súas consecuencias sociais, estas transferencias transformaron por completo a estrutura xeo-ocupacional e o perfil dos empregos. Dende a perspectiva das súas consecuencias políticas, a expansión destas transferencias acelera o proceso de “desradicalización” das demandas laborais ata entón presentadas polo sindicalismo tradicional. A “flexibilidade” da estrutura do mercado de traballo conleva a perda gradual da

“vocación homoxeneizadora” das relacións de traballo e estes cambios nas condicións técnicas de organización do traballo e nas formas de contratación de persoal remataron por fragmentar á clase traballadora. As novas tecnoloxías supoñen así un impacto decisivo na descentralización, heteroxeneización e fragmentación do mundo do traballo.

Destes cambios derivase a propensión dos sindicatos a unha posición de debilidade política crónica, especialmente nas negociacións a nivel nacional ou rexional. E esta realidade provoca a tendencia a unha certa fragilidade organizativa e á desintegración estrutural do movemento obreiro, a causa da crecente redución da man de obra sindicada e do conseguinte problema da autofinanciación das súas entidades representativas. As consecuencias son a perda de centralidade da propia clase traballadora como actor central en torno ao cal se formaban os proxectos ideolóxicos totalizadores, e a conversión dos antigos conflitos clasistas en conflitos difusos, desprovistos de centro e dunha directriz política. O declive do sindicalismo estaría vencellado ao declive do conflito entre capital e traballo como elemento central do cambio social e do desenvolvemento económico e político.

A integración sistémica no plano económico é responsable dun crecente proceso de ruptura das redes de solidariedade e da desagregación dos planos social e nacional. Como o fenómeno da globalización conduxo ao espazo da produción a proxectarse sobre os demais, levando a que as condicións de vida e de traballo estén condicionadas polas relacións, procesos e estruturas de apropiación económica, quen non consegue incluírse nese espazo estará excluído da vida social. Trátase dunha exclusión que non implica, sen embargo, ningunha liberación dos deberes e das obrigacións impostas polo sistema xurídico, especialmente pola súa rama penal.

Neste punto, ao falar das consecuencias sociais e políticas da globalización, José Eduardo Faria menciona o significativo aumento da *feminización* da man de obra e a maior vulnerabilidade das mulleres polo desemprego. Sen embargo, ao non profundizar a súa análise neste punto introducindo a perspectiva de xénero, estas afirmacións quedan unicamente referidas ao plano empírico, perdendo, en consecuencia, a oportunidade de comprobar en qué medida efectivamente o aumento dos niveis de desigualdade afecta de forma diferente aos varóns e ás mulleres e, sobre todo, as causas desta situación.

J. E. Faria destaca a importancia de que, no marco dunha *sociedade do risco*, que traduce “unha fase da evolución da sociedade moderna na que os riscos sociais, políticos, ecolóxicos e individuais enxendrados pola dinámica do cambio se sustraen cada vez máis ás instancias de control e de seguridade da sociedade industrial”<sup>4</sup>, o Estado-nación rexurda agora invocado como fonte de orde, disciplina, prevención e seguridade, e de xustiza social. Actualmente o Estado é inducido a ampliar os seus controis directos en materia penal, para facelos máis globais, severos e eficaces; é presionado para promulgar normas “sociais” de natureza eminentemente económica, coa finalidade de que os segmentos de poboación máis directamente afectados pola globalización obteñan un nivel mínimo de seguridade económica; e vese, ademais, obrigado a legislar conflitos novos, aparentemente irresolubles por non ser susceptibles de control local ou temporal, e problemas vellos pero que mudaron de escala.

As demandas de xustiza social baséanse na premisa de que o mercado non é capaz de asegurar a integración nin de sustentar a cohesión e os niveis mínimos de solidariedade. O retorno do Estado-nación ao centro das discusións políticas e da axenda xurídica contemporánea provén da necesidade dun conxunto de dereitos e institucións xurídicas destinadas á integración e cohesión, para neutralizar, controlar e/ou minimizar os riscos anómicos provintes do carácter “darwinista” da diferenciación social e funcional

---

4 BECK, U., “D’une théorie critique de la société vers la théorie d’une autocritique sociale”, en *Déviance et Société*, 18 (1994), pp. 333-334.



multiplicada pola globalización. A polémica sitúase en torno á capacidade de dirección real do Estado para reafirmarse como destinatario efectivo das aspiracións e reivindicacións sociais, impondo unha vontade política forxada democráticamente a sistemas autoorganizados, autorreferidos e autorregulados, coa finalidade de crear as condicións básicas para lograr uns niveis mínimos de equidade, factor indispensable para o restablecemento do sentido da identidade colectiva.

Ademais do modelo do “dereito reflexivo” J. E. Faria analiza o modelo teórico do “dereito social”, que trata de neutralizar a fragmentación e a anomía provocadas pola globalización por medio de estratexias normativas “compensatorias”, “correctivas” e “distributivas”. Por esta razón o autor denomínalo tamén como “dereito das desigualdades” ou das “discriminacións positivas”, ou “dereito de inserción”. Os teóricos do “dereito social” afirman que a tradicional oposición entre intereses particulares e intereses xerais debería ser substituída polo recoñecemento dos *intereses colectivos*, aqueles que trascenden os dereitos individuais e imponen límites crecentes tanto ás normas do dereito privado promulgadas polo propio Estado como ás múltiples formas de autorresolución dos conflitos establecidos polos axentes económicos nas súas respectivas áreas de actuación.

O autor afirma que tanto o modelo do “dereito social” como o do “dereito reflexivo” tratan de describir os mesmos fenómenos e problemas xurdidos polo esgotamento paradigmático da dogmática xurídica. Non obstante, ámbolos dous modelos presentan tamén algúns problemas fundamentais. Plantexan o reto de preservar nos conceptos xurídicos do dereito positivo un grao de abstracción equivalente ao grao de complexidade alcanzado polas funcións do sistema normativo vixente. Ademais, unha das cuestións básicas é saber cál é a viabilidade do “dereito social” no marco da sociedade de mercado e a “economía-mundo”, onde a maioría dos países compiten entre si para ofrecer condicións internas “atractivas” para as inversións.

Finalmente, o sexto e último capítulo do libro, ten un enfoque máis especulativo. Faria somete aquí a crítica os modelos teóricos do “dereito reflexivo” e do “dereito social”, propostos para dar conta das implicacións xurídicas da globalización económica, e trata de extraer algunhas conclusións. A expansión do proceso de globalización económica a partir dos anos oitenta do século XX xenerou grandes tensións entre o plano económico, caracterizado pola competitividade, a produtividade e a integración, e o plano social, marcado pola fragmentación, a exclusión e a marxinalidade; e reflectiuse no pensamento xurídico, na elaboración teórica dos modelos do “dereito reflexivo” e do “dereito social” e, no plano empírico, na contraposición entre o pluralismo do “dereito da produción” e do “dereito sistémico”, e o dereito positivo dos Estados-nación.

Dende a perspectiva da súa función social, o autor afirma que ao modelo do “dereito social” fáltalle unha condición fundamental que o faga viable no marco do actual proceso de globalización económica: unha economía baixo a intervención reguladora dun Estado dotado de poderes para facer cumprir a lei e de capacidade de dirección. No contexto da globalización contemporánea o “dereito social” carece de condicións de efectividade, xa que depende do monopolio da titularidade lexislativa do Estado-nación soberano para a súa conversión en obrigacións legalmente definidas e esixibles formalmente a axentes privados ou ás diversas instancias do propio sector público. Nesta situación a idea do “dereito social” presenta, sen embargo, interese e utilidade como un instrumento de acción política ou como un proxecto de transformación dotado dun certo compoñente “utópico”.

O modelo do “dereito reflexivo”, sinala J. E. Faria, plantexa tamén dificultades se se observa dende a perspectiva da súa funcionalidade e operatividade. Entre estas dificultades o autor destaca a propia noción de “complexidade” e o alcance da comprensión, por parte dos teóricos do “dereito reflexivo”, das transformacións do Estado contemporáneo mediante o desvío cara o mercado do “exceso” de funcións e responsabilidades

do sector público. Por iso Faria plantexa algúns interrogantes fundamentais: 1º) se o modelo do “dereito reflexivo” respresenta de feito unha alternativa ou é simplemente unha resposta imprecisa a unha legalidade cuia fragmentación reflicte soamente os intereses dos grupos económicos e sectores económicos con maior poder de organización e mobilización; 2º) cómo é posible determinar a “xuridicidade” das normas de “dereito reflexivo” e de qué xeito un dereito con este tipo de limitación podería realmente actuar, como pretenden os seus teóricos, como un instrumento de conformación da sociedade; e 3º) se o eventual triunfo do modelo do “dereito reflexivo” non remataría na práctica deixando ao subsistema económico libre de calquera tipo de control, incluído o xurídico.

Na medida en que actualmente ningún destes dous modelos teóricos -do “dereito reflexivo” e do “dereito social”- alcanzou un consenso en canto aos presupostos, postulados, conceptos, categorías, métodos e hipóteses, ningún deles constitúe un novo paradigma. Por esta razón o autor afirma que o pensamento xurídico se atopa nun período de transición, onde os científicos do dereito non se poñen de acordo sobre as cuestións básicas da súa propia ciencia. Este momento caracterízase pola disputa entre corpos teóricos distintos: a dogmática xurídica próxima ao esgotamento paradigmático, o “dereito social” e a súa afirmación de que a neutralización da exclusión social por medio dun sistema xurídico con fins compensatorios e protectores supón o retorno do Estado-nación, e o “dereito reflexivo” para o cal a transnacionalización é un camiño sen retorno que conduce inexorablemente a un equilibrio xurídico pluralista.

José Eduardo Faria afirma que aínda que os Estados-nación perderon parte da súa capacidade para controlar os fluxos de informacións, capital e mercancías, continúan exercendo sen embargo un importante papel nesas relacións. Estamos en presenza dun escenario que se transforma velozmente e, en consecuencia, cuas características son aínda indeterminadas. Sen embargo, o autor sinala que a liña prevalente parece ser a chamada “rexionalización”<sup>5</sup>. A Unión Europea considérase a experiencia máis avanzada e existosa de rexionalización -a pesar do seu déficit democrático- e a “comunidade” que representa ten sido sinalada como o embrión dunha nova forma estatal: o *Estado Rexional*. Para que esta nova forma estatal se consolide debe afrontar -afirma Faria- un cuádruple desafío: 1º) articular unha complexa gama de ordes xurídicas; 2º) conseguir un “gobierno supranacional” entre nacións con distintos conceptos de “soberanía”, especialmente cando a institucionalización dunha “comunidade” ou dun “Estado Rexional” é vista como unha ameaza a un conxunto diversificado de intereses nacionais; 3º) a escala da “comunidade” ou do “Estado Rexional”, unha vez que a proliferación de países membros pode xenerar graves problemas políticos en termos de formulación, establecemento e execución de programas e acarrear enormes dificultades funcionais para unha coordinación baseada no consenso ou incluso na regra da maioría; e 4º) a afirmación dunha cidadanía efectivamente *rexional*.

O autor conclúe afirmando que as novas institucións xurídicas da economía globalizada non terán demasiada semellanza co dereito do Estado moderno, xa que estamos en presenza dunha regulación de carácter “neofeudal”. Varios elementos respaldan esta conclusión -aínda que non se trata dunha idea orixinal<sup>6</sup>-: o proceso de desvanece-

---

5 Os exemplos existentes son numerosos: Unión Europea, Acordo de Libre Comercio entre Estados Unidos, Canadá e México (NAFTA), Asia Pacific Economic Corporation (APEC), Association of South East Asian Nations (ASEAN), MERCOSUR.

6 Trátase máis ben de extraer as consecuencias xurídicas da caracterización do “político” na globalización que, entre outros autores, xa sinalara Ulrich Beck ao afirmar que no que el denomina como “segunda modernidade” -o actual proceso de globalización- ábreanse paso configuracións do político que presentan rasgos *medievais*, xa que os Estados transnacionais deben compartir as lealdades dos seus “súbditos” con outras autoridades rexionais e da sociedade mundial, por unha parte, e, por outra, coas autoridades subestatais e subnacionais. “Este “novo medievalismo” (H. Bull) significa [según Beck] que os lazos e identidades sociais e políticos deben pensarse, en mutua imbricación, dentro duns puntos de referencia globais, rexionais, nacionais e locais, e dunhas ideas para a acción”. BECK, U., *¿Qué es la globalización? Falacias del globalismo, respuestas a la globalización* [1997]. Barcelona, Paidós, 1998, trad. de Bernardo Moreno e M<sup>a</sup> Rosa Borrás, p. 159.

mento a que foron sometidas as estruturas xurídicas e as institucións políticas forxadas polo Estado moderno sobre a base do principio de soberanía a partir da intensificación do fenómeno da transnacionalización dos mercados; a conseguinte perda de previsibilidade, certeza e seguridade do dereito positivo; a crecente permeabilidade entre valores privados e intereses públicos; a proliferación de foros descentralizados; a rápida multiplicación dos espazos socio-xurídicos; os diferentes tipos de regras e procedementos normativos; a tensión continua entre armonización e diferenciación legal; e a emerxencia das máis variadas formas de resolución dos conflitos.

Neste contexto algunhas posibilidades de “emancipación social” sitúanse no plano “local”, entendido non en sentido xeográfico senón en referencia a “contextos particulares de experiencia” (p. 266). Ata o momento, sen embargo, as iniciativas nesta perspectiva especificamente comunitaria e participativa están aínda en fase de proxecto, polo que resulta difícil avaliar o seu potencial de efectividade. O maior problema para a expansión e consolidación destas experiencias reside no condicionamento dos poderes locais pola globalización, xa que globalización e localización entrecrúzanse de forma desigual, dado o impacto que o primeiro fenómeno pode causar sobre o segundo en termos culturais, sociais, políticos, institucionais, xurídicos e, sobre todo, económicos.

Para rematar José Eduardo Faria sinala a posibilidade de que, neste escenario, ao Estado-nación lle reste basicamente o papel dun *Estado de Seguridade* ou dun *Estado de Prevención*. Un Estado deste tipo caracterízase por ter un ámbito de poderes locais crecentemente apropiados, condicionados ou controlados polo poder económico transnacionalizado, un ámbito de transferencia á iniciativa privada de parcelas significativas da titularidade de iniciativa lexislativa e un ámbito de progresiva conversión da vida “cívica” nunha vida basicamente “organizacional”.

No actual período de esgotamento paradigmático –insiste o autor ao remate do libro–, onde non existen paradigmas alternativos ao da dogmática xurídica xa consolidados, o pensamento xurídico debe repensar epistemoloxicamente toda a Ciencia do Dereito e situar en novos termos as súas relacións coa teoría social e coa economía política.

A obra que comentamos, *El derecho en la economía globalizada*, merece unha valoración positiva, xa que constitúe un bo instrumento para coñecer as características do actual proceso de globalización económica, as súas principais consecuencias sociais e políticas, así como as transformacións xurídicas ás que ven dando lugar e os retos que estes cambios provocan no pensamento xurídico, máis tamén os novos problemas que presentan aos proxectos de emancipación social. Esta obra permite, así mesmo, achegarse aos modelos teóricos que se teñen proposto para dar conta das transformacións xurídicas acaecidas co fenómeno da transnacionalización dos mercados e observar algúns dos seus puntos máis febles. Por todas estas razóns este libro presenta un gran interese para as/os xuristas, tanto teóricas/os como prácticas/os, que se atopan xa cos problemas aquí sinalados no seu traballo diario e que, a falta de respostas ou solucións definitivas para todos eles, necesitan poder ubicar a orixe dos mesmos, e atopar elementos para a súa comprensión e análise. En definitiva, se ben a parte descriptiva e analítica do traballo que comentamos me parece mellor cá de carácter especulativo ou normativo, ésta presenta tamén, non obstante, aspectos positivos ao abrir, polo menos, un amplo abano de interrogantes sobre os que cómpre continuar profundizando e reflexionando, e debatir públicamente. Constitúe éste un labor inexcusable para as/os xuristas contemporáneas/os, máxime para aquelas/es que están comprometidas/os coa extensión do proceso de democratización; proceso cuia conquista definitiva lonxe de estar asegurada é susceptible de sufrir retrocesos, polo que é necesario, en consecuencia, estar sempre alerta.